

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 24 DE OUTUBRO DE 2005

2.- Solicitudes de licencias de obras.

Favorables.-

1230/99.- Alfredo Soto Casal.- Modificados final de obra no ámbito da U-17B do Plan Especial 1 na Rúa Pombal c/v Rúa Hortas.-

1728/05.- Fernando García Franqueira.- Estado final de obras da edificación executada en Eiras núm.11, San Marcos.

4.- Proposta da Concelleira Delegada de Reforma Administrativa relativa á prórroga e revisión do IPC dos contratos de subministro de material de oficina consumible para o Concello Lote I e Lote II.

Acórdase prorrogar os citados contrato por período dun ano a contar desde o 28 de outubro de 2005, incrementándose os prezos de adxudicación conforme á correspondente variación do IPC.

5.- Proposta da Concelleira Delegada de Educación e Mocidade relativa á adxudicación de obras en centros escolares de infantil e primaria.

Apróbbase un presuposto de 12.000 euros, para a realización de obras nos diferentes centros escolares do municipio.

6.- Proposta do Concelleiro Delegado de Promoción Económica relativa á adxudicación dunha Asistencia técnica para a planificación e organización de encontros individualizados con empresarios galegos radicados en Caracas, Valencia e Maracay.

Adxudícase a licitación de referencia ao Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional (IGADI) por importe total de 11.433,96 euros.

7.- Proposta da Concelleira Delegada de Reforma Administrativa relativa á contratación da impartición de curso avanzado de formación sobre a ferramenta de xestión de expedientes AUPAC para distintos departamentos do Concello.

Acórdase contratar á empresa GADD subministradora do produto e encargada no seu día da posta en marcha nestes departamentos, para que sexan levadas a cabo unha serie de actividades formativas que totalizan 114 horas, e que segundo a oferta presentada suporán un importe de 9.918 euros.

8.- Proposta da Concelleira Delegada de Educación e Mocidade relativa á adxudicación dunha Asistencia técnica para a redacción de proxecto básico e de execución de centro de gardería infantil no polígono do Tambre (p.p. Boisaca SUNP-34).

Adxudícase asistencia técnica de referencia á empresa Coll & Slafer, Asociados, por importe de 11.890 euros.

11.- Proposta da Concelleira Delegada de Sanidade relativa á contratación dunha asistencia técnica para redactar o proxecto básico e de execución e dirección facultativa superior da ampliación do canil-refuxio de animais.

Acórdase adxudicar a referida asistencia técnica ao arquitecto Antonio Pena Rei por importe de 9.680 euros.

16.- Proposta da Concelleira Delegada de Persoal relativa á aprobación das Bases da convocatoria de 2005 das axudas sociais ao persoal do Concello.

Apróbanse as bases da devandita convocatoria para estudos 2005-2006, gardería setembro 2004-agosto 2005, sanitarias 2005, plus de transporte 2003-2005, vivenda 2005 e diminuído físico ou psíquico 2005.

19.- Proposta do Concelleiro Delegado de Patrimonio relativa á aceptación da cesión efectuada pola Xunta de Galicia e o compromiso da posta a disposición dos terreos para a execución de obras de construción de instalacións deportivas no Plan Especial de ordenación do equipamento administrativo de San Lázaro.

Acórdase aceptar a devandita cesión da Xunta de Galicia derivada da segunda addenda (asinado o 9 de xuño de 2005) ao convenio de cooperación urbanística asinado o 29 de xullo de 1996 coa Consellería de Economía e Facenda para o ámbito do Plan Especial de ordenación do equipamento administrativo de San Lázaro

20.- Aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello e a parroquia de San Antonio de Padua de Fontiñas a efectos de apoio á construción do centro parroquial e desenvolvemento de actividades a realizar.

Apróbase o devandito convenio que contempla a aportación municipal de 27.000 euros para a construción tanto da fase pendente do complexo parroquial e igrexa de San Antonio ddas Fontiñas, segundo proxecto elaborado polo arquitecto Iago Seara, como o desenvolvemento de actividades por parte da parroquia.

21.- Proposta da Concelleira Delegada de Sanidade relativa á aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello e a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible para a ampliación e mellora do centro de recollida de animais vagabundos e abandonados.

Apróbase o devandito convenio.

22.- Aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello e as Asociacións ROGAS e Avoas de Pontepedriña correspondentes a 2005.

Apróbanse os devandito convenios,

23.- Dar conta da sinatura do Protocolo de intencións para o irmanamento entre as cidades de Santiago de Compostela e QU FU.

Dáse conta da sinatura do devandito protocolo de intencións, asinado polo alcalde de Qu Fu, D Jiang Cheng e o concelleiro de Turismo, Francisco Candela.